

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0376	Implantación de aplicacións web	2022/2023	7	122	145
MP0376_12	Instalación e xestión de aplicacións web	2022/2023	7	49	58
MP0376_22	Adaptación de aplicacións web	2022/2023	7	73	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SILVIA FRAMIÑÁN FONDEVILA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES Armando Cotarelo Valedor e o ámbito produtivo da súa zona de influencia.

A estrutura empresarial do entorno produtivo está formada fundamentalmente por pequenas e medianas empresas do sector servicios.

En todas estas empresas as funcións predominantes relacionadas co ámbito da informática e as comunicacións centranse en funcións de soporte e mantemento da infraestrutura informática e no desenvolvemento de aplicacións (tradicionais ou en modo web) de pequeno ou mediano tamaño principalmente para uso interno, polo que o currículo adaptase ás necesidades deste tipo de empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación do contorno de desenvolvemento e servidor de aplicacións.	Nesta unidade aprenderanse os conceptos básicos relacionados cunha aplicación web así como o software necesario para desenvolve-la e as arquitecturas software que se poden elixir. Tamén se aprenderá a instalar o software necesario para desenvolver unha aplicación web, tanto de forma máis manual como de forma automática a través de plataformas integradas.	10	5
2	Instalación e configuración de sistemas xestores de contidos.	Nesta unidade aprenderase a instalar e configurar diversos xestores de contidos: un para crear wikis, outro para blogs, outro para sitios web e outro máis para plataformas de aprendizaxe a distancia.	18	15
3	Administración de sistemas xestores de contidos.	Nesta unidade aprenderase a administrar os CMS instalados na unidade anterior. Concretamente, aprenderase a crear distintos tipos de usuarios de distintos perfís, a estender a funcionalidade dos CMS, a crear copias de seguridade e a restauralas, entre outras tarefas. Para as plataformas de aprendizaxe a distancia tamén se aprenderá como crear cursos e como engadir-lles actividades e recursos.	21	15
4	Instalación e xestión de aplicacións de ofimática web.	Nesta unidade aprenderase a implantar tanto unha aplicación ofimática en local como nunha intranet, de maneira que se realizará a instalación de aplicacións de ofimática web en local e nunha intranet. Ademais, aprenderase a crear usuarios na aplicación e a xestionar os seus permisos para acceder á información que corresponda. Tamén se aprenderá como utilizar as ferramentas para que varios usuarios podan colaborar na edición de documentos. Por último, aprenderase a como realizar a copia de seguridade da aplicación de ofimática instalada na intranet.	9	5
5	Introdución ao linguaxe PHP e a súa sintaxe básica.	Nesta unidade estudaranse os linguaxes de guións, para o cal, instálase e configúrase as ferramentas de edición de código PHP. Aprenderase a sintaxe básica, as estruturas de control e manexo de funcións desta linguaxe.	28	15
6	Programación de formularios e xestión de usuarios na linguaxe PHP.	Nesta unidade realizarase a xestión de formularios, a persistencia da información entre distintos documentos web e a xestión de usuarios coa linguaxe PHP.	19	10
7	Introdución ao acceso a bases de datos mediante PHP.	Nesta unidade realizarase o acceso e creación de bases de datos e táboas no sistema xestor de BD mediante PHP.	12	10
8	Programación de aplicacións web en PHP con acceso a bases de datos.	Nesta unidade aprenderase a realizar a autentificación de usuarios da aplicación web PHP cunha base de datos MySQL, así como a xeración dinámica de documentos web, a actualización, inserción e borrado de datos na base de datos MySQL con PHP. Ademais, analizarase a funcionalidade dun sitio web con acceso a bases de datos, e estudaranse os mecanismos de seguridade e control de accesos. Para rematar, verificarase o funcionamento e o rendemento do sistema.	20	15
9	Adaptación de sistemas xestores de contidos.	Nesta unidade aprenderase a realizar a adaptación dos CMS para blogs e para crear sitios web.	8	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación do contorno de desenvolvemento e servidor de aplicacións.	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara o contorno de desenvolvemento e os servidores para aplicacións web instalando e integrando as funcións necesarias.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o software necesario para a instalación de aplicacións web e o seu funcionamento.
CA1.2 Identifícanse as tecnoloxías empregadas polas aplicacións web.
CA1.3 Instaláronse e configuráronse servidores web e de bases de datos.
CA1.4 Recoñécense as posibilidades de procesamento nos contornos cliente servidor.
CA1.5 Engadíronse e configuráronse os compoñentes e os módulos necesarios para o procesamento de código no servidor.
CA1.6 Instalouse e configurouse o acceso a bases de datos.
CA1.7 Estableceuse e verificouse a seguridade nos accesos ao servidor.
CA1.8 Utilizáronse plataformas integradas orientadas á proba e ao desenvolvemento de aplicacións web.
CA1.9 Documentáronse os procedementos realizados.

4.1.e) Contidos

Contidos
Aplicacións web: evolución, tipos e tecnoloxías de desenvolvemento.
Utilidades de proba e instalación integrada.
Aplicacións web e sistemas informáticos.
Arquitectura dunha aplicación web: arquitectura multicapa.
Servizos complementarios existentes no sistema informático: características.
Análise de requisitos.
Servidor web: instalación e configuración.
Sistema xestor de base de datos: instalación e configuración.
Procesamento de código: linguaxes de guións de cliente e servidor.
Módulos e compoñentes necesarios.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación e configuración de sistemas xestores de contidos.	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.	NO
RA3 - Administra xestores de contidos e adáptalos aos requisitos, de xeito que se garanta a integridade da información.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse o uso e a utilidade dos xestores de contidos.
CA2.2 Clasifícanse os xestores de contidos segundo a funcionalidade principal do sitio web que permitan xestionar.
CA2.3 Instaláronse diversos tipos de xestores de contidos.
CA2.3.1 Instaláronse xestores de contidos para crear blogs.
CA2.3.2 Instaláronse xestores de contidos para crear sitios web.
CA2.3.3 Instaláronse xestores de contidos para crear unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA2.4 Diferenciáronse as súas características (uso, licenza, etc.).
CA2.5 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos.
CA2.5.1 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos para crear blogs.
CA2.5.2 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos para crear sitios web.
CA2.5.3 Personalizáronse e configuráronse os xestores de contidos para crear unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA2.6 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.
CA2.6.1 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polo propio CMS para blogs.
CA2.6.2 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polo propio CMS para sitios web.
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento.
CA2.7.1 Realizáronse probas de funcionamento nun CMS para blogs.
CA2.7.2 Realizáronse probas de funcionamento nun CMS para crear sitios web.
CA2.8 Publicáronse os xestores de contidos.
CA2.8.1 Publicouse o CMS para blogs.

Criterios de avaliación
CA2.8.2 Publicouse o CMS para crear sitios web.
CA2.9 Creáronse e organizáronse os contidos do xestor.
CA2.9.1 Creáronse e organizáronse os contidos do xestor para crear blogs.
CA2.9.2 Creáronse e organizáronse os contidos do xestor para crear sitios web.
CA3.6 Xestionáronse patróns.
CA3.6.3 Xestionáronse patróns nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de xestores de contidos.
0 Verificación do funcionamento e do rendemento.
0 Verificación do funcionamento e do rendemento nun CMS para blogs.
0 Verificación do funcionamento e do rendemento nun CMS para crear sitios web.
Publicación.
Publicación dun CMS para blogs.
Publicación dun CMS para crear sitios web.
Licenzas de uso.
Requisitos de funcionamento.
Requisitos de funcionamento dun CMS para blogs.
Requisitos de funcionamento dun CMS para crear sitios web.
Requisitos de funcionamento dun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
Instalación.
Instalación dun CMS para blogs.
Instalación dun CMS para crear sitios web.
Instalación dun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
Creación da base de datos.
Creación da base de datos dun CMS para blogs.
Creación da base de datos dun CMS para crear sitios web.
Creación da base de datos dun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
Estrutura funcional do xestor de contidos.
Creación de contidos.
Creación de contidos nun CMS para blogs.

Contidos

Creación de contidos nun CMS para crear sitios web.

Personalización da interface.

Personalización da interface nun CMS para blogs.

Personalización da interface nun CMS para crear sitios web.

Personalización da interface nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Mecanismos de seguridade integrados.

Mecanismos de seguridade integrados nun CMS para blogs.

Mecanismos de seguridade integrados nun CMS para crear sitios web.

Xestión de temas.

Xestión de temas nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Patróns.

Patróns nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Administración de sistemas xestores de contidos.	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona e implanta xestores de contidos e establece a configuración dos seus parámetros.	NO
RA3 - Administra xestores de contidos e adáptalos aos requisitos, de xeito que se garanta a integridade da información.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polos propios xestores de contidos.
CA2.6.3 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade proporcionados polo propio CMS para plataformas de aprendizaxe a distancia.
CA2.9 Creáronse e organizáronse os contidos do xestor.
CA2.9.3 Creáronse e organizáronse os contidos do xestor para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA3.1 Adaptáronse e configuráronse os módulos do xestor de contidos.
CA3.1.1 Adaptáronse e configuráronse os módulos do CMS para blogs.
CA3.1.2 Adaptáronse e configuráronse os módulos do CMS para crear sitios web.
CA3.1.3 Adaptáronse e configuráronse os módulos do CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA3.2 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís.
CA3.2.1 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís nun CMS para blogs.
CA3.2.2 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís nun CMS para crear sitios web.
CA3.2.3 Creáronse e xestionáronse usuarios con distintos perfís nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA3.3 Intégráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade.
CA3.3.1 Intégráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade nun CMS para blogs.
CA3.3.2 Intégráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade nun CMS para crear sitios web.
CA3.3.3 Intégráronse módulos atendendo a requisitos de funcionalidade nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA3.4 Realizáronse copias de seguridade.
CA3.4.1 Realizáronse copias de seguridade nun CMS para blogs.
CA3.4.2 Realizáronse copias de seguridade nun CMS para crear sitios web.

Criterios de avaliación
CA3.4.3 Realizáronse copias de seguridade nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
CA3.5 Importáronse e exportáronse contidos en distintos formatos.
CA3.6 Xestionáronse patróns.
CA3.6.1 Xestionáronse patróns nun CMS para blogs.
CA3.6.2 Xestionáronse patróns nun CMS para crear sitios web.
CA3.7 Integráronse funcións de sindicación.
CA3.7.1 Integráronse funcións de sindicación nun CMS para crear sitios web.
CA3.8 Realizáronse actualizacións.
CA3.8.1 Realizáronse actualizacións nun CMS para blogs.
CA3.8.2 Realizáronse actualizacións nun CMS para sitios web.
CA3.9 Obtivéronse informes de acceso.
CA3.9.1 Obtivéronse informes de acceso nun CMS para crear sitios web.
CA3.9.2 Obtivéronse informes de acceso nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

4.3.e) Contidos

Contidos
Creación de contidos. Creación de contidos nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
Mecanismos de seguridade integrados. Mecanismos de seguridade integrados nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.
Usuarios e grupos.
Actualizacións do xestor de contidos. Actualizacións do CMS para blogs. Actualizacións do CMS para crear sitios web.
Usuarios e grupos nun CMS para blogs.
Importación e exportación da información. Usuarios e grupos nun CMS para crear sitios web.
Informes. Informes nun CMS para crear sitios web. Informes nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Contidos

Usuarios e grupos nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Perfis.

Perfis nun CMS para blogs.

Perfis nun CMS para crear sitios web.

Perfis nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Control de accesos.

Control de accesos nun CMS para blogs.

Control de accesos nun CMS para crear sitios web.

Control de accesos nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Integración de módulos.

Integración de módulos nun CMS para blogs.

Integración de módulos nun CMS para crear sitios web.

Integración de módulos nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Integración de plataformas de pagamento en liña para comercio electrónico.

Xestión de temas.

Xestión de temas nun CMS para blogs.

Xestión de temas nun CMS para crear sitios web.

Patróns.

Patróns nun CMS para blogs.

Patróns nun CMS para crear sitios web.

Copias de seguridade.

Copias de seguridade nun CMS para blogs.

Copias de seguridade nun CMS para crear sitios web.

Copias de seguridade nun CMS para unha plataforma de aprendizaxe a distancia.

Sindicación de contidos.

Sindicación de contidos nun CMS para crear sitios web.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalación e xestión de aplicacións de ofimática web.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona aplicacións de ofimática web integrando funcións, de xeito que se asegure o acceso á información.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
CA4.2 Clasifícanse segundo a súa funcionalidade e as prestacións específicas.
CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.
CA4.3.1 Instaláronse aplicacións de ofimática web en local.
CA4.3.2 Instaláronse aplicacións de ofimática web na intranet.
CA4.4 Configuráronse as aplicacións para as integrar nunha intranet.
CA4.5 Xestionáronse as contas de usuario.
CA4.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios.
CA4.6.1 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios nunha aplicación ofimática web xenérica.
CA4.6.2 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios nunha aplicación ofimática web instalada nunha intranet.
CA4.7 Usáronse as aplicacións de xeito cooperativo.
CA4.7.1 Usáronse as aplicacións de xeito cooperativo nunha aplicación ofimática web xenérica.
CA4.7.2 Usáronse as aplicacións de xeito cooperativo nunha aplicación ofimática web instalada nunha intranet.
CA4.8 Realizáronse copias de seguridade.
CA4.9 Elaborouse documentación relativa ao uso e á xestión das aplicacións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Tipos de aplicacións.
Instalación.
Instalación en local.
Instalación na intranet.

Contidos

Configuración.

Integración de aplicacións heteroxéneas.

Xestión de usuarios.

Control de accesos.

Control de accesos nunha aplicación ofimática web xenérica.

Control de accesos nunha aplicación ofimática web instalada nunha intranet.

Aseguramento da información.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Introdución ao linguaxe PHP e a súa sintaxe básica.	28

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as linguaxes de guións de servidor máis salientables.
CA1.2 Recoñeceuse a relación entre as linguaxes de guións de servidor e as linguaxes de marcas utilizadas nos clientes.
CA1.3 Recoñeceuse a sintaxe básica dunha linguaxe de guións concreta.
CA1.4 Utilizáronse estruturas de control da linguaxe.
CA1.5 Definíronse e utilizáronse funcións.
OCA1.10 Instaláronse e configuráronse ferramentas de edición de código.

4.5.e) Contidos

Contidos
Clasificación das linguaxes de guións.
Relación das linguaxes de guións e as linguaxes de marcas.
Sintaxe da linguaxe de guións.
Ferramentas de edición de código.
Elementos da linguaxe: variables e identificadores, tipos de datos, operadores e expresións, estruturas de control, comentarios, funcións integradas e de usuario, e instrucións de entrada e saída.
Xestión de erros.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Programación de formularios e xestión de usuarios na linguaxe PHP.	19

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xera documentos web utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Utilizáronse formularios para introducir información.
CA1.7 Establecéronse e usáronse mecanismos para asegurar a persistencia da información entre distintos documentos web relacionados.
CA1.8 Identifícaronse e aseguráronse os usuarios que acceden ao documento web.
CA1.9 Verificouse o illamento do contorno específico de cada usuario.
CA1.11 Configuráronse intérpretes de linguaxes de guións de servidor.

4.6.e) Contidos

Contidos
Paso de parámetros entre documentos web.
0Verificación de formularios.
Autenticación de usuarios.
Control de accesos.
Sesións.
Configuración do intérprete.
Mecanismos de introdución de información: formularios.
Validación de datos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Introdución ao acceso a bases de datos mediante PHP.	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os sistemas xestores de bases de datos máis utilizados en contornos web.
CA2.2 Verificouse a integración dos sistemas xestores de bases de datos coa linguaxe de guións de servidor.
CA2.3 Configurouse na linguaxe de guións a conexión para o acceso ao sistema xestor de base de datos.
CA2.4 Creáronse bases de datos e táboas no xestor utilizando a linguaxe de guións.
CA2.8 Xustificouse o uso de sistemas xestores de bases de datos en contornos web

4.7.e) Contidos

Contidos
Sistemas xestores de bases de datos máis utilizados no contorno web.
Integración das linguaxes de script de servidor cos sistemas xestores de base de datos.
Conexión a bases de datos.
Creación de bases de datos e táboas.
Xestión de erros.
Mecanismos de seguridade e control de accesos.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Programación de aplicacións web en PHP con acceso a bases de datos.	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xera documentos web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes de guións de servidor.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Obtívose e actualizouse a información almacenada en bases de datos.
CA2.6 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso dos usuarios á información das bases de datos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento e o rendemento do sistema.

4.8.e) Contidos

Contidos
0Verificación do funcionamento e probas de rendemento. Recuperación da información da base de datos desde unha páxina web. Modificación da información almacenada na base de datos: insercións, actualizacións e borrados. Verificación da información. Xestión de erros. Mecanismos de seguridade e control de accesos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Adaptación de sistemas xestores de contidos.	8

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza modificacións en xestores de contidos adaptando a súa aparencia e funcionalidade.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase a estrutura de directorios do xestor de contidos.
CA3.1.1 Identifícase a estrutura de directorios do xestor de contidos para blogs.
CA3.1.2 identifícase a estrutura de directorios do xestor de contidos para crear sitios web.
CA3.2 Recoñeceuse a funcionalidade dos ficheiros que utiliza e a súa natureza (código, imaxes, configuración, etc.).
CA3.2.1 Recoñeceuse a funcionalidade dos ficheiros que utiliza e a súa natureza no CMS para blogs.
CA3.2.2 Recoñeceuse a funcionalidade dos ficheiros que utiliza e a súa natureza no CMS para crear sitios web.
CA3.3 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar.
CA3.3.1 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar a un CMS para blogs.
CA3.3.2 Seleccionáronse as funcionalidades que cumpra adaptar e incorporar a un CMS para sitios web.
CA3.4 Identifícanse os recursos afectados polas modificacións.
CA3.4.1 Identifícanse os recursos afectados polas modificacións no CMS para blogs.
CA3.4.2 identifícanse os recursos afectados polas modificacións no CMS para crear sitios web.
CA3.5 Modifícase o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes.
CA3.5.1 Modifícase o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes no CMS para blogs.
CA3.5.2 Modifícase o código da aplicación para incorporar novas funcións e adaptar outras existentes no CMS para crear sitios web.
CA3.6 Verifícase o correcto funcionamento dos cambios realizados.
CA3.6.1 Verifícase o correcto funcionamento dos cambios realizados no CMS para blogs.
CA3.6.2 Verifícase o correcto funcionamento dos cambios realizados no CMS para crear sitios web.
CA3.7 Documentáronse os cambios realizados.
CA3.7.1 Documentáronse os cambios realizados no CMS para blogs.

Criterios de avaliación

CA3.7.2 Documentáronse os cambios realizados no CMS para crear sitios web.

4.9.e) Contidos

Contidos

Selección das modificacións que cumpra realizar.

Selección das modificacións que cumpra realizar no CMS para blogs.

Selección das modificacións que cumpra realizar no CMS para crear sitios web.

Recoñecemento de elementos involucrados.

Recoñecemento de elementos involucrados no CMS para blogs.

Recoñecemento de elementos involucrados no CMS para crear sitios web.

Modificación da aparencia.

Modificación da aparencia no CMS para blogs.

Modificación da aparencia no CMS para crear sitios web.

Incorporación e adaptación de funcionalidades.

Incorporación e adaptación de funcionalidades no CMS para blogs.

Incorporación e adaptación de funcionalidades no CMS para crear sitios web.

Verificación do funcionamento.

Verificación do funcionamento do CMS para blogs.

Verificación do funcionamento do CMS para crear sitios web.

Documentación.

Documentación do CMS para blogs.

Documentación do CMS para crear sitios web.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

* Mínimos exigibles:

Os criterios de avaliación mínimos exigibles do módulo son os establecidos para cada unha das unidades didácticas nas que se organiza o módulo.

* Avaliación

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son:

- Probas de avaliación: poderase facer unha proba por cada UD ou bloque de UDs. Unha proba de avaliación poderá estar desglosada nas seguintes dúas partes:

> Proba obxectiva teórica: que consistirá en preguntas de resposta curta, cuestionarios, etc, relacionados cos criterios de avaliación máis teóricos da UD ou bloque.

> Proba obxectiva práctica: que consistirá na realización de casos prácticos en ordenador e entrega de proxectos relacionados cos criterios de avaliación máis prácticos da UD ou bloque. En cada trimestre deberase entregar un ou máis proxectos nos que se reflectirán todas as destrezas e contidos vistos ao longo do trimestre. Cada proxecto deberá elaborarse seguindo as instrucións indicadas con anterioridade á súa elaboración. O proxecto para ser avaliado deberá entregarse en tempo, xa que haberá unha data de entrega fixa. Proxectos entregados fóra de prazo serán avaliados cun 0. En cada proxecto valorarase entre outros:

* Contido

* Deseño

* Documentación entregada: claridade, redacción, deseño, etc.

Cada unha das partes que compoñen cada proba de avaliación terá unha ponderación respecto a todas as partes de todas as probas de avaliación realizadas ao longo do curso.

- Entrega de exercicio ou traballos, realizados individualmente ou en grupo, segundo se indique. A entrega deberase realizar en tempo en forma, e obrigatoriamente deberase subir a través da aula virtual. Se non se cumpren estes criterios a nota desta entrega será de 0 puntos.

Cada entrega terá unha ponderación respecto a todas as entregas realizadas ao longo do curso.

A nota de cada avaliación obterase logo de aplicar a ponderación correspondente a cada instrumento que será a seguinte:

- Probas de avaliación: 90% aplicada á suma ponderada de cada unha das probas de avaliación realizadas ao longo da avaliación.

- Entrega de tarefas: 10% aplicada á suma ponderada de cada unha das tarefas entregadas ao longo da avaliación.

No caso do cálculo da nota da avaliación soamente se terán en conta as probas de avaliación e entrega de tarefas realizados nesa avaliación. Para poder ter superada a avaliación, todas e cada unha das partes que compoñen as probas de avaliación deberán ter unha nota mínima de 5 sobre 10, independentemente de que o cálculo en conxunto das probas de avaliación, entrega de tarefas e participación en clase sexa igual ou superior a 5.

O cálculo da nota final do módulo será a media aritmética das notas acadadas en cada unha das avaliacións.

Para poder ter superado o módulo, é dicir, obter unha nota mínima de 5, todas e cada unha das partes que compoñen as probas de avaliación deberán ter unha nota mínima de 5, independentemente de que o cálculo en conxunto das probas de avaliación, e entrega de tarefas sexa igual ou superior a 5. Adicionalmente, cada un dos proxectos entregados ten que ter unha nota mínima de 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Para o alumnado que non superase todas as probas de avaliación realizadas no módulo antes da avaliación de marzo, farase unha proba de recuperación. Esta recuperación estará dividida en varios apartados, cada un se corresponderá con cada unha das probas de avaliación realizadas ao longo do módulo. Deberase obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das probas obxectivas que conforman cada proba de avaliación.

O alumnado sen perda de avaliación continua só deberá realizar a/s proba/s obxectiva/s correspondente/s da proba/s de avaliación non superada/s ao longo do módulo.

O cálculo da nota será como se indicou no apartado 5, tendo en conta as novas notas obtidas polo alumnado.

2. Para o alumnado que non teña unha avaliación positiva no módulo na avaliación de marzo, programaranse actividades de recuperación orientadas a facilitar que o alumno poida alcanzar os obxectivos do módulo no terceiro trimestre. Estas actividades abarcarán todas as unidades do módulo, centrándose especialmente naquelas de carácter máis práctico, e poderán consistir na realización de actividades na clase, na realización de traballos ou exercicios na casa, na resolución de exercicios en papel ou no ordenador que serán corrixis polo profesor, ou a resolución de dúbidas nas horas de titorías. Para este alumnado haberá unha proba de recuperación igual que a realizada en marzo, pero neste caso o alumnado deberá realizar a proba completa.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que falte de forma inxustificada máis dun 10% das horas totais do módulo perderá o dereito á avaliación continua. Para superar o módulo, deberán someterse a unha proba final antes da avaliación de marzo.

Esta proba terá o mesmo formato, e será avaliada da mesma forma, que para o caso dos alumnos que non aproben partes do módulo no periodo ordinario (ver apartado 6.a.1). Neste caso o alumnado deberá presentarse á proba completa.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento da programación, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, facer unha xustificación razoada dos motivos.

1. Durante as reunións semanais de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
2. Ao final de cada trimestre na reunión de departamento establecerase un punto na orde do día para facer un seguimento específico das distintas programacións ao longo dese trimestre, tomando nota das incidencias detectadas así como das decisións que se adoptan ao respecto.
3. Ao final de cada trimestre a Comisión de Coordinación Pedagóxica valorará igualmente o desenvolvemento das programacións dos distintos departamentos.

4. Ao final de cada trimestre o delegado a través dunha reunión co profesor detallaralle os aspectos que o grupo clase considera mais destacados.
5. Ao final do curso o departamento fará unha valoración global do grao de cumprimento da programación e establecerá un plan de mellora para o vindeiro curso.
6. Ao final do segundo trimestre e do terceiro, entregarase unha enquisa ao alumnado que cubrirá de forma anónima e voluntaria. Esta enquisa versará sobre o desenvolvemento dos contidos do módulo, modo de exposición, métodos empregados, etc., para poder avaliar a propia práctica docente.
7. Durante todo o curso irase anotando no caderno do profesor aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.

Instrumentos.

- Actas e Reunións do Departamento
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunión co Delegado/a
- Caderno do profesor.
- Enquisa de avaliación docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Nestes casos centrarémonos nos obxectivos mínimos esixibles e en función da razón pola que non responda ós obxectivos programados actuaremos do seguinte xeito:

- Se non é capaz de realizar as actividades en tempo organizaremos estas de xeito que poida rematalas na casa.
- Se non é capaz de realizar as actividades con autonomía e eficiencia prestaremos un apoio especial por parte dos profesores e ademais asignarémolle dentro do seu grupo un alumno instructor.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tratarase de transmitir valores cívicos e profesionais para que se adapten ó mundo laboral.

A educación en valores se transmite en cada unidade didáctica.

Farase especial fincapé nos valores da responsabilidade e o traballo en equipo, de maneira o alumnado sexa capaz de:

- * Compartir ideas
- * Tolerar e aceptar outros puntos de vista
- * Aceptar outras formas de traballar
- * Adaptarse a grupos heteroxéneos

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non hai

10. Outros apartados

10.1) Publicidade da programación

A programación daráselle a coñecer ao alumnado mediante a plataforma de educación a distancia utilizada ao longo do desenvolvemento do módulo. Desta forma, o alumnado terá dispoñible, en calquera momento, un enlace ao documento pdf coa programación de lumnado xerada pola aplicación de elaboración de programacións.

1. Metodoloxía xeral:

Por mor da falta de espazo físico nas aulas para cumprir os requirimentos do "Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021" decidiuse o seguinte:

- Dividir ao alumnado en dous grupos #A e #B, con un número de integrantes equilibrado atendendo á súa situación persoal.
- O alumnado de cada grupo asistirá ás clases presenciais na aula en días alternos. Así, un dos grupos recibirá formación presencial o luns, mércores e venres na semana 1, e o martes e xoves na semana 2. O outro grupo acudirá presencialmente de forma inversa, asegurando así a asistencia simultánea dun máximo do 50% do grupo.
- O profesor impartirá a clase na aula e simultaneamente a través dun sistema de teleconferencia. Usarase por defecto Cisco Webex Meetings. Poderase usar outra plataforma no caso de necesidade.
- Farase uso tamén da plataforma a distancia Moodle, do correo electrónico e do grupo de Telegram da aula.
- Cada día, o alumnado do grupo que non asista á aula, seguirá a clase en directo a través do sistema de teleconferencia especificado.
- As probas teórico e prácticas poderanse realizar en dous formatos:
 - * De forma presencial, tendo cada grupo a proba no día que lle toque clase presencial.
 - * De forma presencial/telemática: neste caso a proba será o mesmo día para os dous grupos. Así, o grupo que lle toque seguir a clase presencialmente fará a proba na clase e o grupo que estea a seguir a clase desde fora do centro (neste caso terá que conectarse con cámara) fará

a proba en formato telemático. Neste caso, procurarase que en cada proba se alterne o grupo que lle coincida estar na clase presencial, é dicir, se nunha proba está o grupo A en modo presencial, á seguinte proba será o grupo B que estará en modo presencial.

2. Suspensión de clases presenciais:

No caso de que se decretase a suspensión de clases presenciais, o profesor impartirá as clases a través do sistema de teleconferencia indicado no apartado anterior para todo o alumnado.

3. Corentenas:

Nos seguintes casos:

- Corentenas parciais ou totais do alumnado.
- Corentena da docente, sempre en caso de que esta estivese en disposición de continuar coa súa actividade profesional

* Seguiranse as clases a través do sistema de teleconferencia independentemente do grupo ao que pertenza.

* A docente poderá pedir a defensa dos traballos avaliados a través dunha entrevista co alumna/o vía telemática/telefónica.

* Tódalas probas presentes nesta programación, sempre que non poidan ser presenciais, serán realizadas de xeito telemático facendo uso de cámara obrigatoriamente, podendo ser complementadas con entrevistas telemáticas/telefónicas individuais con cada alumna/o para comprobar a autoría das mesmas.

* Tódalas entrevistas poderán ser gravadas para facilitar unha posible revisión das mesmas.

* O centro educativo prestará o equipamento informático necesario ao alumnado que non dispoña del, para que poidan seguir as clases de xeito telemático.